CEIP Santa Baia
Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| E-mail: ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Prezadas familias de 2º de Primaria:

Estamos vivindo unha situación excepcional, de incerteza e certa angustia debido a esta pandemia inesperada do Covid-19 que a todos e todas nos afecta.

Esperamos que non haxa infectados nos vosos achegados/as e que poidades estar levando esta situación o mellor posible, dentro das restricións impostas co fin de deter o virus.

Cremos que é conveniente que durante esta corentena, que non sabemos o que pode durar, as familias deben manter certa rutina escolar.

Recomendamos que os nenos e nenas practiquen a lectura, estuden as táboas do 1 ao 5, rematen os cadernos de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, e realicen algunha tarefa de cálculo, resolución de problemas, series, repaso da ortografía básica e expresión escrita.

Enviámosvos unhas fichas de Matemáticas e Lingua en formato PDF para que o alumnado que rematou os libros e as tarefas que se enviaron o último día de clase dispoña de material. Somos conscientes de que non todas as familias teñen impresora, polo que eses nenos e nenas deberían realizar algunhas das actividades de xeito oral e copiar algunha nun folio ou libreta.

Comprendemos a vosa preocupación pola perda de clase, pero non deberiades angustiarvos neste momento con isto co fin de non aumentar máis o estrés que esta situación conleva. Estamos convencidas de que o noso alumnado superará este tempo sen docencia se non desconecta por completo das tarefas escolares.

Existen moitísimos materiais en Internet válidos para repasar os contidos traballados. Enviámosvos unha selección que consideramos apropiada:

https://es.ixl.com/math/2-primaria

(todos os apartados agás fraccións)

http://www.rinconmaestro.es/lengua/comprension/2EP.html

https://www.tablasdemultiplicar.com/con-gatos.html

https://drive.google.com/file/d/1VgS8_Eeuo8eh1mUrozPb7S1ibD930LAJ/view

(Do apartado 6 deste caderno habería que seleccionar só certas actividades posto que no noso centro non se usa método ABN)

Tamén vos comunicamos que o luns 23 de marzo, xurdiu unha iniciativa coordinada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e RTVE par intentar que os alumnos e alumnas que agora non poden ir ao colexio non perdan o ritmo do curso. En particular, está dirixida a nenos e mozos en situación máis vulnerable, membros de fogares que non teñen ordenador. Por iso, considerouse que a televisión é o medio que chega case a totalidade da poboación. Ofrecémosvos información sobre estes programas por se os considerades útiles para os vosos fillos e fillas.

Edades	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	Emisión
6-8 años	Matemáticas	Ciencias Sociales	Ed. Artística Ed. Física	Lengua e Idiomas	Ciencias Naturales	9:00-10:00 Clan TV
8-10 años	Matemáticas	Ciencias Sociales	Ed. Artística Ed. Física	Lengua e Idiomas	Ciencias Naturales	10:00-11:00 Clan TV
10-12 años	Matemáticas	Ciencias Sociales	Ed. Artística Ed. Física	Lengua e Idiomas	Ciencias Naturales	11:00-12:00 Clan TV
12-14 años	Matemáticas	Ciencias Sociales	Ed. Artística Ed. Física	Lengua e Idiomas	Ciencias Naturales	12:00-13:00 La 2 TVE
14-16 años	Matemáticas	Ciencias Sociales	Ed. Artística Ed. Física	Lengua e Idiomas	Ciencias Naturales	13:00-14:00 La 2 TVE

A Televisión de Galicia tamén dende o 23 de marzo, pola súa segunda canle, a TVG2, contará cun bloque de programación educativa. De luns a venres, entre as 11.00 e as 13.00 horas, este bloque emitirase mentres os centros escolares permanecen pechados atendendo as restricións para loitar contra coronavirus. Deste xeito, os medios públicos galegos facilitarán aos estudantes unha nova vía para recibir contidos complementarios aos que reciben dos seus centros.

O canal BOING presentou, en iguais datas que os anteriores, un novo espazo para aprender inglés a través de contidos útiles, curiosos e actuais enmarcados en xogos didácticos, receitas de cociña ou manualidades creativas... que se emitirá a partires das 13:25 e que poida que sexa de proveito para os vosos fillos e fillas.

Por outra banda, as mestras de segundo, cremos que é beneficioso establecer uns horarios, sempre que se poida, pois somos conscientes de que haberá familias, nas que todos ou algún dos seus membros deba seguir indo a traballar. En cada casa deberá facerse segundo as súas posibilidades e será preciso pactar a organización entre todos e todas . Hai que decidir hora de erguerse e deitarse, das comidas, das actividades de estudo, dos tempos de xogo, de televisión ou tableta... Os psicólogos e psicólogas falan moito da importancia do mantemento dunhas rutinas, e nós como mestras cremos que é moi necesario, posto que a rutina axúdanos a manternos tranquilos e tranquilas.

Lembrade que esta situación é excepcional e as medidas que tomedes cos vosos fillos e fillas son tamén excepcionais, polo que non é preciso que teñen un horario similar ao da escola. Consideramos que hora e media ou dúas horas ben aproveitadas serían suficientes para manter certo hábito de aprendizaxe e afianzamento dos contidos traballados ao longo do curso. Tamén nalgúns casos poderase ampliar temporalmente os días ou tempo de televisión ou tableta (sen

excesos), e que se lles debe permitir facer manualidades, xogar cos xoguetes preferidos... É importante que realicen certas actividades sós para que os adultos teñan tempo para si mesmos.

Seguindo pautas de profesionais psicopedagóxicos, recomendámosvos que esteades pendentes do estado emocional dos vosos fillos e fillas, falando abertamente do que está a suceder, dándolle a información que soliciten sen excesivos dramatismos e empatizando coas súas inquedanzas, preocupacións ou malestares pola situación que a todos nos afecta. Asemade suxerímosvos que non esquezades a parte física dos nenos e nenas e que facilitedes que teñan a oportunidade de moverse activamente en determinados momentos do día. Practicar deporte é moi beneficioso para reducir os niveis de ansiedade e de preocupación. Somos conscientes das limitacións do confinamento, pero debedes buscar recursos para que a inactividade non sexa permanente. Facer un circuíto polo corredor, xogar ás agochadas, practicar ioga (hai vídeos en internet), participar nas tarefas do fogar como aspirar ou fregar, saltar á corda ou bailar ao son da vosa música preferida servirán para activar o corpo e desconectar do horror da pandemia que nos asolaga.

Agradecémosvos a vosa atención e esperamos que esta pequena achega que facemos sirva para que a situación de illamento que sufrimos poida ser máis doada e levadía.

Pedímosvos que lle deades aos vosos fillos e fillas un bico moi grande da nosa parte e lles digades que estamos desexando encontrarnos de novo con eles e elas.

Atentamente

As titoras de segundo